DOCUMENTO POLÍTICO

COOPERAR É O NORMAL

UNHA POLÍTICA DE ESTADO IMPRESCINDIBLE PARA A URXENCIA DO PRESENTE

PROPOSTAS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS
DO 29 DE NOVEMBRO DE 2026

| Outubro 2026

40 AÑOS 1986-2026
LA COORDINADORA
DE ORGANIZACIONES PARA EL DESARROLLO

COORDINADORA GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento

Unha política de Estado imprescindible para a urxencia do presente

Como humanidade, todas as persoas buscamos benestar, paz, igualdade e estabilidade. O noso contrato social baséase na solidariedade, na convivencia e na cooperación, desde a Carta das Nacións Unidas e a Declaración de Dereitos Humanos, ata os tratados fundacionais da Unión Europea e a Constitución española; os valores que nos transmitiron nas nosas casas; as políticas que favorecen a cohesión social e os dereitos humanos; o fundamento das nosas relacións no día a día. É o normal.

As eleccións do 29 de novembro son unha oportunidade para que os partidos políticos sigan dando pasos con propostas que aborden as múltiples crises que afectan as persoas dentro e fóra do noso país, partindo dos avances na aplicación da Lei 1/2023 de Cooperación para o Desenvolvemento e a Solidariedade Global.

Unha lei que é política de Estado por varias razóns. O amplo consenso e maioría parlamentaria nas Cortes Xerais —que aprobou as sucesivas Leis de Cooperación en 1998 e en 2023— marca o compromiso coa cooperación do noso país, xunto coa ratificación e adopción de compromisos multilaterais que conforman o corpo do Dereito Internacional.

Como sociedade solidaria, como país responsable e cunha mirada estratéxica no escenario internacional e europeo, necesitamos propostas ambiciosas para avanzar nunha política de cooperación internacional de Estado que sexa sólida, coherente, transformadora e eficaz. Que estea fortalecida orzamentaria e institucionalmente, e conte coa participación activa de todos os actores do sistema da cooperación estatal, entre os que están as organizacións da sociedade civil.

Por que cooperar é máis necesario ca nunca?

A realidade interpélanos. Vivimos nun mundo cada vez máis complexo, con crises que se retroalimentan entre si e que non entenden de fronteiras físicas nin xeracionais.

A humanidade sofre o maior número de conflitos armados desde a II Guerra Mundial (máis de 65), que expulsaron 120 millóns de persoas dos seus fogares, entre elas, en Sudán, Ucraína, Palestina, Líbano ou Etiopía. O progresivo deterioro do planeta e da súa biodiversidade avanza. O seu impacto na poboación civil é incalculable. Segundo as Nacións Unidas, **239 millóns de persoas necesitan asistencia humanitaria urxente** debido a conflitos e crises climáticas. A impunidade ante a violación do Dereito Internacional, e o cuestionamento dos valores democráticos e do multilateralismo preocupan. **A fame extrema leva varios anos alcanzando máximos históricos:** en 2024, uns 295 millóns de persoas sufriron fame a diario de maneira aguda. No marco da mobilidade humana, a ausencia de vías legais e seguras xera vulneracións no acceso aos dereitos e aos mecanismos de protección internacional que é necesario abordar. E as limitacións no acceso á educación, á saúde, á auga e ao saneamento, e a outros dereitos humanos incrementan as desigualdades múltiples que viven uns 1.200 millóns de persoas en situación de pobreza multidimensional. **Detrás destes números hai persoas coas mesmas aspiracións de benestar, estabilidade e dignidade que calquera.**

Neste contexto, contar con políticas públicas capaces de construír paz e estabilidade, defender dereitos e previr crises é fundamental. E **a política de cooperación é unha das políticas con capacidade de prevención, transformación e resposta.** É catalizadora de cambios nas vidas das persoas e no coidado do planeta. Apostar e investir en cooperación é **eficaz e eficiente**. É **intelixente e responsable. É de xustiza.** E contribúe a situar ao Estado español como actor estratéxico e país relevante na esfera internacional e europea.

Cooperar é apuntalar os valores democráticos, a solidariedade e a conciencia global da nosa sociedade, dos nosos pobos e cidades ao longo de toda a xeografía estatal. É tecer alianzas coas comunidades do sur global, que lideran procesos para facer fronte á pobreza, ás desigualdades e ás crises ambientais. É garantir dereitos para todas as persoas e en todos os lugares do mundo. Nun contexto de crecente fraxilidade, significa prepararse e previr os riscos ante os desastres naturais e os danos que causan. **É previr e protexer fronte aos conflitos e ás violencias.** É un investimento estratéxico para evitar custos moito maiores no futuro. É actuar cando hai unha emerxencia humanitaria. É apostar por un desenvolvemento que contribúa a unha resiliencia socioeconómica e ambiental, e que constrúa **paz, estabilidade e igualdade;** se basee no diálogo e na cohesión social; e protexa o planeta e sexa inclusivo, especialmente coas comunidades e colectivos que sofren opresións e discriminacións diversas.

Construír desde os avances consensuados en cooperación como política de Estado

A Lei 1/2023 naceu da necesidade compartida por todos os actores do sistema da cooperación do Estado español de avanzar nunha **política transformadora** que contribúe a abordar as crises globais, promove unha transición xusta e permite implementar os marcos de dereitos humanos e de desenvolvemento sostible adoptados a nivel internacional.

Esta Lei define principios e enfoques que sustentan esta política; establece unha serie de reformas necesarias en aras da **eficacia e do impacto;** establece a cooperación, a educación para a cidadanía global e a acción humanitaria como os seus piares; contempla alcanzar o **0,7 % da Renda Nacional Bruta (RNB) como Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) en 2030.** Ademais, recoñece a importancia do papel que o Estado español pode xogar no concerto europeo e internacional, e o rol dos diferentes actores do sistema de cooperación —desde as administracións estatal, autonómicas e locais, ata actores sociais como as ONG de Desenvolvemento—.

Desde a entrada en vigor da Lei, cómpre destacar a aprobación e posta en marcha dos Reais Decretos que regulan os Estatutos da AECID e das Persoas Cooperantes, as Subvencións, o Fondo Español de Desenvolvemento Sostible (FEDES), e os órganos consultivos recollidos na Lei. Tamén cómpre sinalar o novo Plan Director da Cooperación Española e varias estratexias que o desenvolven, como a Multilateral, de Cooperación Feminista e de Cultura e Desenvolvemento. Orzamentariamente, segundo os últimos datos do Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE, a AOD española en 2025 supuxo o 0,27 % da RNB.

Propostas para incluír nos programas electorais para a próxima lexislatura

1. Apostar por consolidar a cooperación internacional para o desenvolvemento como unha política de Estado sólida, transformadora, coherente, eficaz e fortalecida institucional e orzamentariamente, cumprindo o establecido na Lei 1/2023, e mantendo o diálogo e amplo consenso entre os partidos políticos, coa participación activa dos actores sociais.

2. Continuar o desenvolvemento e operativización das reformas normativas, institucionais e regulamentarias aprobadas como parte da reforma do sistema da cooperación española, así como o previsto no VI Plan Director cos seus enfoques e as correspondentes estratexias, incluída a de paz. Reforzar a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), cun novo Contrato de Xestión, é clave como institución especializada e articuladora desta política.

3. Defender un multilateralismo activo que promova avanzar nas Axendas de Desenvolvemento Sostible e de Financiamento para o Desenvolvemento onde os Estados acorden compromisos cribles e vinculantes, con todos os países, incluídos os do sur global, como tomadores de decisión ao mesmo nivel.

4. Promover a coherencia de políticas para o desenvolvemento sostible nos diferentes ámbitos competenciais, con medidas como o impulso dun sistema integral que impregne de coherencia toda a acción do goberno.

5. Cumprir o establecido na Lei de Cooperación estatal e os compromisos internacionais adoptados como país a nivel orzamentario, asegurando unha senda progresiva plurianual firme cara ao 0,7 % da Renda Nacional Bruta española como Axuda Oficial ao Desenvolvemento.

6. Promover unha acción humanitaria baseada en principios, centrada nas persoas e respectuosa co Dereito Internacional Humanitario que responda ás necesidades e proporcione protección a quen máis sofre o impacto das crises humanitarias e conflitos armados. Que recolla as orientacións do triple nexo entre acción humanitaria, desenvolvemento e paz; sitúe os actores locais no centro da resposta; e recoñeza as ONGD españolas como socias estratéxicas desde o seu valor engadido para a resposta internacional. Será necesario actualizar a súa estratexia e dotala dun financiamento suficiente, flexible e predicible (10 % do total da AOD).

7. Fomentar unha educación para a xustiza global desde políticas educativas, de participación social e de comunicación que contribúan a xerar sociedades comprometidas cos retos globais, as desigualdades e as súas causas estruturais, e promotoras dos dereitos humanos, a democracia, a paz e de futuros de esperanza. O seu impulso necesitará dunha nova estratexia, reforzo institucional e orzamentario (3 % do total da AOD).

8. Favorecer e defender o espazo cívico e o fortalecemento das diversas organizacións da sociedade civil, elemento indispensable para constituír sociedades democráticas. Isto tradúcese en promover a participación, protección e financiamento de organizacións sociais, feministas e defensoras dos dereitos e do planeta; reformar a Lei estatal de Seguridade Cidadá; implementar a Recomendación do Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE sobre contornos habilitantes para a sociedade civil e a Estratexia de Sociedade Civil da Unión Europea. Tamén significa incidir para garantir unha maior representación da sociedade civil, especialmente do sur global, na gobernanza global.

9. Consolidar a relación coas organizacións de desenvolvemento (ONGD) como actores especializados imprescindibles da política de cooperación. Isto supón consolidar o Marco de Relación entre as ONGD e a Administración Xeral do Estado, manter o diálogo institucional periódico, e avanzar nunha dotación orzamentaria adecuada a través dos instrumentos de financiamento xestionados principalmente pola AECID (destinando polo menos 400 M€ anuais ao finalizar a lexislatura), aproveitando a capacidade de execución, capilaridade, expertise e alianzas de organizacións e redes.

10. Impulsar unha cooperación financeira, especialmente vía FEDES, aliñada cos obxectivos da cooperación española de promover o desenvolvemento sostible e os dereitos humanos. Que centre a maioría das súas operacións nos países prioritarios do Plan Director receptores de AOD, de forma complementaria a outros instrumentos; que avance en transparencia, rendición de contas e comunicación de logros e boas prácticas; e que desenvolva novos instrumentos que amplíen o seu impacto e aseguren unha participación activa da sociedade civil no seu deseño, implementación, seguimento e avaliación.

11. Promover unha Unión Europea responsable co mundo e comprometida coa xustiza global a través da súa acción exterior e de cooperación desde unha lideranza activa e acorde cos consensos europeos de desenvolvemento. Nas negociacións para o próximo Marco Financeiro Plurianual da UE, é imprescindible manter un *Instrumento Europa Global* sólido, orientado á redución da pobreza e das desigualdades, cun financiamento ambicioso (máis do 90 % como AOD). Neste marco, Global Gateway debe contribuír ao desenvolvemento sostible, e reforzar o papel da sociedade civil e dos actores locais. Así mesmo, fortalecer a axenda birrexional CELAC–UE, especialmente mediante a implementación do Pacto birrexional polos coidados; unha cuestión que ofrece unha oportunidade clave para avanzar na xustiza social e na redución das desigualdades.

12. Continuar avanzando na aplicación dunha política exterior e de cooperación feministas a nivel estatal e europeo, favorecendo o desenvolvemento da Estratexia de Cooperación Feminista e dun novo Plan de Política Exterior Feminista estatal e europeo (GAP IV), cunha adecuada dotación orzamentaria (20 % da AOD total que teña a igualdade de xénero como obxectivo principal).

13. Recoñecer, afianzar e fortalecer o papel das cooperacións descentralizadas como expresión da solidariedade da nosa sociedade. As administracións públicas e o conxunto de actores sociais autonómicos e locais, incluídas as ONGD, son parte activa do sistema da cooperación española. É importante que se recoñeza, respecte, promova e acompañe o seu valor engadido, capacidades e orzamentos como actores clave do sistema; que se favoreza a coordinación vía a Conferencia sectorial e outros mecanismos; e se apoie a aplicación no ámbito local da nova normativa e regulamentación froito da reforma do sistema de cooperación.

Reiteramos a vontade das ONGD, a través das Coordinadoras que as representan, de participar, xunto co goberno que se conforme, co resto de actores políticos e sociais, e co conxunto da sociedade, nunha política de cooperación internacional para o desenvolvemento que o noso país e o mundo necesitan.

Coordinadora de Organizaciones para el Desarrollo

A Coordinadora é a rede estatal de organizacións sociais que traballan no ámbito do desenvolvemento, a solidariedade internacional, a acción humanitaria, a educación para a cidadanía global e a defensa dos dereitos humanos. **Por un mundo xusto, feminista, sostible e en paz.**



Coordinadora Galega de ONGD

A Coordinadora Galega de ONGD é unha plataforma de organizacións de cooperación que, dende Galicia, traballan no ámbito do desenvolvemento, a acción humanitaria, a educación para a cidadanía global e a defensa dos dereitos humanos. Facémolo dende unha perspectiva feminista, por un mundo xusto, sostible e en paz.



Podes ampliar información en www.galiciasolidaria.org ou nas nosas redes socias